

CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Obxectivo 1: Coñecer os conceptos básicos e dominar as técnicas operatorias no campo numérico.

Criterio 1.1

Interpreta, escribe e opera números en notación científica.

Criterio 1.2

Coñece e utiliza as distintas notacións para os intervalos e a súa representación gráfica.

Criterio 1.3

Manexa con soltura os radicais.

Obxectivo 2: Dominar as técnicas alxébricas básicas.

Criterio 2.1

Opera con polinomios. Factoriza polinomios.

Criterio 2.2

Opera e simplifica fraccións alxébricas.

Criterio 2.3

Resolve ecuacións e sistemas de ecuacións.

Criterio 2.4

Formula e resolve problemas mediante ecuacións ou sistemas.

Criterio 2.5

Resolve inecuacións e sistemas de inecuacións.

Obxectivo 3: Dominar o concepto de función, coñecer as características máis relevantes e as distintas formas de expresar as funcións.

Criterio 3.1

Dada unha función representada pola súa gráfica, estuda as súas características máis relevantes (dominio de definición, crecemento e decrecemento, máximos, e mínimos, continuidade...)

Obxectivo 4: Coñecer os distintos tipos de funcións, asociando a gráfica coa expresión analítica.

Criterio 4.1

Manexa con soltura as funcións lineais e as cuadráticas.

Criterio 4.2

Asocia curvas a expresións analíticas (proporcionalidade inversa, radicais, exponenciais, logarítmicas.)

Obxectivo 5: Coñecer os conceptos básicos da semellanza e aplicarlos á resolución de problemas.

Criterio 5.1

Aplica a semellanza de triángulos á resolución de problemas.

Obxectivo 6: Dominar os conceptos básicos de trigonometría e as súas aplicacións.

Criterio 6.1

Calcula razóns trigonométricas dun ángulo a partir de certos datos.

Criterio 6.2

Resolve triángulos rectángulos.

Obxectivo 7: Resolver problemas de xeometría analítica.

Criterio 7.1

Resolve problemas de xeometría analítica.

Obxectivo 8: Analizar as distribucións estatísticas a partir da súa táboa de frecuencias, aplicando as técnicas para o cálculo de parámetros (media, desviación típica, coeficiente de variación e medidas de posición).

Criterio 8.1

Obtén o valor da media, a desviación típica e o coeficiente de variación a partir dunha táboa de frecuencias e utilízalos para analizar características da distribución.

Criterio 8.2

A partir dunha táboa de frecuencias, obtén medidas de posición (mediana, cuartís, centís).

Obxectivo 9: Dominar as peculiaridades do cálculo de probabilidades nas experiencias compostas.

Criterio 9.1

Calcula probabilidades en experiencias compostas.

Obxectivo 10: Coñecer e manexar as estratexias, métodos e fórmulas combinatorias e aplicarlos á resolución de problemas.

Criterio 10.1

Resolve problemas de combinatoria.

PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN

Co fin de obter a cualificación numérica requirida na avaliación, en cada trimestre teránse en conta tres termos con distinto peso:

- Notas de clase: aporta o vinte por cento da nota, e consiste na valoración do traballo diario a través da revisión das tarefas, cuaderno, atención, interese e comportamento;
- Notas de control: aporta o vinte por cento da nota, e é a media aritmética das probas obxectivas dun tema que se fixeron no trimestre;
- Nota de exame: aporta o sesenta por cento restante, e é a nota da proba do exame único que se fai ao fin de cada trimestre.

É necesario aprobar cada unha das avaliacións que hai durante o curso para obter o aprobado na área.

Hai un exame final en xuño nel que se pode recuperar algún dos trimestres suspensos durante o curso se fose necesario. No caso de non acadar o aprobado en xuño, deberá se examinar en setembro de toda a materia do curso.

Os alumnos coas matemáticas pendentes do curso anterior terán dereito a un exame extraordinario de toda a materia no mes de maio.